

## **BASES REGULADORAS DOS CURSOS DE ESPAÑOL DIRIXIDOS A PERSOAS INMIGRANTES PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2018**

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.

Con ese fin a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha distintas accións e programas dirixidos a entidades, a asociacións e á cidadanía para garantir os principios establecidos pola lei.

Tendo en conta o exposto, convócanse por segunda vez os cursos de español para persoas inmigrantes para a preparación do DELE A2, que se rexerán polas seguintes

### **BASES**

#### **Primeira. Obxecto e persoas destinatarias**

O obxecto desta convocatoria é poñer en marcha tres (3) edicións de Cursos de Español para Persoas Inmigrantes, ata un máximo de 60 prazas (20 por edición), para a preparación do DELE (Diploma de Español como Lingua Estranxeira) do nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) expedido polo Instituto Cervantes.

As persoas destinatarias son persoas inmigrantes en situación administrativa regular, maiores de 16 anos, que necesitan preparar o exame do DELE A2 para a obtención da nacionalidade española.

Daráselles prioridade ás que se atopen preparando as probas do exame de certificación de nivel A2 a través dunha entidade de iniciativa social, rexistrada como entidade prestadora de servizos sociais no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, de 23 de decembro, publicado no DOG de 20 de xaneiro de 2012).

Os cursos terán lugar nas seguintes localidades e datas:

**1.ª edición. Edificio Administrativo da Deputación en Pontevedra**

- Datas do curso: do 21 de maio ao 5 de xuño de 2018  
  Datas de repaso: 10 e 11 de setembro de 2018
- Número de horas: 40
- Horario:
  - Do 21 de maio ao 5 de xuño: de 9.30 a 12.30 h
  - 10 e 11 de setembro: de 9.30 a 11.30 h
- Número máximo de participantes: 20

**2.ª edición. Sede da Deputación en Vigo**

- Datas do curso: do 21 de maio ao 5 de xuño de 2018  
  Datas de repaso: 10 e 11 de setembro de 2018
- Número de horas: 40
- Horario:
  - Do 21 de maio ao 5 de xuño: de 16.00 a 19.00 h
  - Do 10 ao 11 de setembro: de 16.00 a 18.00 h
- Número máximo de participantes: 20

### **3.ª edición. Sede da Deputación en Vigo**

- Datas do curso: do 17 de setembro ao 2 de outubro de 2018  
  Datas de repaso: 5 e 6 de novembro de 2018
- Número de horas: 40
- Horario:
  - Do 17 de setembro ao 2 de outubro: de 9.30 a 12.30 h
  - 5 e 6 de novembro: de 9.30 a 11.30 h
- Número máximo de participantes: 20

Tras finalizar estas edicións o alumnado dos cursos presentárase ao exame do DELE que levará a cabo o Instituto Cervantes en Vigo, o 14 de setembro para as persoas candidatas da 1.ª e 2.ª edición e o 10 de novembro para as da 3.ª edición.

### **Segunda. Obxectivos**

As persoas candidatas aos cursos terán que ser capaces de comprender frases ou expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lles son especialmente relevantes (información básica sobre a propia persoa e a súa familia, lugares de interese, ocupacións etc.), para realizar intercambios comunicativos sinxelos e directos sobre aspectos coñecidos ou habituais, para describir en termos simples aspectos do seu pasado e da súa contorna e para satisfacer cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.

Estes cursos de preparación do exame do DELE serven para preparar de xeito práctico as probas do exame de certificación de nivel A2 de español do Instituto Cervantes. Lévanse a cabo mediante prácticas e simulacros de exame e o desenvolvemento de destrezas e estratexias para rendibilizar os coñecementos e o tempo durante a proba.

### Terceira. Contidos

O contido está orientado á familiarización coa estrutura do exame (proba, tarefas, criterios de cualificación etc.) e ao desenvolvemento de estratexias para a súa superación.

- **Proba de comprensión de lectura:** actividades para practicar a proba do DELE A2 con textos de exames similares aos reais (instrucións, carteis, correos electrónicos, artigos etc.)
- **Proba de comprensión auditiva:** actividades para preparar e practicar esta parte do exame con mostras de audios similares aos das probas reais (avisos, instrucións, material publicitario, anuncios radiofónicos, conversas breves etc.)
- **Proba de expresión e interacción escrita:** actividades con estratexias para escribir de maneira adecuada os diferentes tipos de texto (impresos, solicitudes, cartas, invitacións, correos electrónicos etc.)
- **Proba de expresión e interacción oral:** actividades con mostras similares ás das candidatas e candidatos reais. Usaranse vídeos que permitan ver o ambiente no que se desenvolven estas tarefas e familiarizarse co material do exame

A docencia suporá un total de 120 horas presenciais e 12 horas de titorías, tamén presenciais, para as tres edicións.

### Cuarta. Requisitos das persoas participantes

- ✓ Necesitar presentarse ao exame do DELE para a obtención da nacionalidade española
- ✓ Ser maior de 16 anos
- ✓ Estar empadroadada ou empadroadado nun concello da provincia de Pontevedra
- ✓ Atoparse en situación administrativa regular en España
- ✓ Non contar con dispensa do Ministerio de Xustiza para a realización da proba do DELE
- ✓ Saber ler e escribir

- ✓ Ter coñecementos básicos de lingua española. O nivel do curso será o do A2 do MCER

#### **Quinta. Presentación de solicitudes, lugar e prazo**

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das súas oficinas de rexistro e en [sede.depo.gal](http://sede.depo.gal), de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En caso de realizarse o envío por correo postal (ao Rexistro da institución provincial), este deberá certificarse co selo de Correos no formulario da solicitude, para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas, para todos os efectos, no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro do organismo provincial, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

As bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e, posteriormente, remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que dea traslado do seu extracto ao BOPPO, sen prexuízo da súa inserción en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará en 20 días naturais. Se o último día do prazo coincidise en festivo, este prorrogarase ata o seguinte día hábil.

O formulario de solicitude estará á disposición das persoas solicitantes en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) e nas oficinas de rexistro da Deputación en Pontevedra e en Vigo.

A documentación que se deberá achegar coa solicitude é a seguinte:

- Formulario normalizado, debidamente cuberto, no que, cando menos, se reflectan os seguintes datos: nome completo, número de identificación de estranxeiro (NIE), enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, nacionalidade e edición elixida por orde de preferencia

- Copia compulsada da tarxeta de identidade de estranxeiro, tarxeta familiar de cidadá ou cidadán da Unión Europea ou certificado do Rexistro Central de Estranxeiría ou do Rexistro da Cidadanía da Unión Europea
- Certificado ou volante de empadramento
- De ser o caso, informe da entidade de iniciativa social no modelo normalizado e debidamente cuberto, que estará dispoñible en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) e nas oficinas de rexistro da Deputación en Pontevedra e en Vigo, asinado pola técnica ou técnico da entidade responsable do programa

#### **Sexta. Relación de persoas admitidas e excluídas**

A relación das persoas admitidas e excluídas (coas causas de exclusión) será publicada en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes.

En caso de resultar seleccionada ou seleccionado só poderá realizar unha das edicións.

#### **Sétima. Número de prazas**

O número de prazas por curso será de 20 (60 en total). Unha vez cuberta a totalidade das prazas establecerase unha lista de agarda en función dos criterios establecidos na base oitava desta convocatoria.

Para o comezo dos cursos, estes deberán contar, como mínimo, con 6 alumnas ou alumnos por edición.

#### **Oitava. Adxudicación das prazas**

A concesión destas subvencións realizarase polo réxime de concorrencia competitiva. A instrución correspóndelle á Xefa do Servizo de Cohesión Social e realizarase nos termos establecidos no artigo 19 da Ordenanza Provincial de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a adxudicación corresponderá a Presidencia.

O procedemento de concesión levarase a cabo na seguinte orde:

1.º Persoas solicitantes ás que non se lles financiasse desde este organismo provincial, na edición do ano 2017, o custo da matrícula do Instituto Cervantes

2.º Solicitantes que acheguen o informe da entidade de iniciativa social definida na base primeira desta convocatoria

3.º Pola data de presentación de solicitudes, segundo o establecido na base quinta desta convocatoria, respectando a orde de inscrición

Unha vez aplicados os criterios anteriores, se houberse máis solicitudes que prazas para asignar, faríase un sorteo entre as restantes.

No suposto de que algunha das persoas integrantes dos cursos non tivese o nivel mínimo para realizalos, o Centro de Linguas comunicarállo á institución provincial nos primeiros días do curso para anular estas prazas, e chamaráase ás seguintes persoas da lista de agarda.

#### **Novena. Condicións do programa e financiamento**

Os cursos serán integramente subvencionados pola Deputación, incluído o custo de matrícula do DELE, e impartidos por persoal docente do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo. Para poder acceder á matrícula gratuita do DELE as persoas participantes deberán asistir, polo menos, ao 80 % das clases previas á data de fin de prazo de matrícula para a súa correspondente convocatoria. No caso da 1.ª e 2.ª edición serían as clases anteriores ao 1 de agosto de 2018, e para o alumnado da 3.ª edición serían as clases anteriores ao 3 de outubro de 2018.

Non serán subvencionados os gastos de desprazamento desde a residencia ata os lugares onde se desenvolva cada edición.

O orzamento para esta actividade ascende a un total de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 18/231.2311.227.07.

#### **Décima. Publicidade**

En toda a publicidade que se elabore deberase facer constar a organización e a colaboración da Deputación mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **Décimo primeira. Prazo de vixencia**

As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

### **Décimo segunda. Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións
- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2018
- Orzamento provincial para o ano 2018